



## DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 28 de decembro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 13 de decembro, elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concelleira delegada de Educación, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 35-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito** entre aplicacións da mesma área de gasto, **nos seguintes termos:**

### Área de gasto 3

#### A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3230.21200	Reparación, mant. e conserv. Edificios ens.	5.901,98 €
N200.3321.22612	Programa Xestión Bibliotecas Educación	1.287,19 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>7.189,17 €</b>

#### B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.3300.16000	Cuota patronal S. Social Cultura	7.189,17 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>7.189,17 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.